

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DE VEIGUE, NO CONCELLO DE SADA

Promotor e órgano substantivo: Concello de Sada  
Expediente: 2021AAE2589

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

-----

### ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Sada aprobouse definitivamente o 11.10.2017, tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
2. O 06.07.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Sada no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de protección, ordenación, infraestruturas e dotacións de Veigue, no concello de Sada". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
3. O 13.07.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formularan as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).
3. A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).



## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. **Ámbito de actuación e principais características ambientais**

Ámbito de actuación: terreos situados na franxa litoral do municipio de Sada, na enseada de Lorbé (parroquia de Veigue). O ámbito inclúe o solo de núcleo rural da Valexa, San Pedro, Soutilo e Chan da Aldea, así como o solo urbano consolidado SAU-3 e a restante porción de solo rústico ata o mar.

O PXOM de Sada delimitou o ámbito do plan especial de Veigue co obxecto de abordar as accións de recualificación previstas no POL.

Superficie do ámbito: 1.162.700 m<sup>2</sup>

#### Características ambientais da área probablemente afectada:

O concello de Sada sitúase no Golfo Ártabro, dentro da Área Urbana da Coruña segundo o sistema de asentamentos das Directrices de ordenación do territorio (DOT).

O ámbito concreto de actuación do plan é unha área do litoral na que a ocupación indiscriminada por asentamentos espontáneos, dispersos e vivendas de tipoloxía maioritaria unifamiliar illada, xeraron unha perda da calidade da paisaxe e un deterioro do medio natural. Na contorna das praias implantáronse varias instalacións de uso terciario asociadas ao turismo estival (campings, restaurantes, apartamentos, etc.).

Así, nesta área o POL identificou dous ámbitos de recualificación [unidades de paisaxe Praia de Cirro (03\_02\_123) e Praia de San Pedro (03\_02\_122)] co obxecto de minimizar a presión sobre o sistema da praia, mellorar a súa integración no bordo litoral dada a súa elevada visibilidade e facilitar a consecución dunha funcionalidade urbana adaptada ás características da súa localización litoral.

Na cartografía do POL a meirande parte do ámbito do plan está inserido na área continua de mellora ambiental e paisaxística, agás o bordo litoral situado na área de protección costeira e unha pequena franxa ao sur situada na área de ordenación. Así mesmo, o POL delimitou un corredor na contorna do rego de San Pedro e recolle como punto de observación a Punta do Castelo. As dúas praias que concorren no ámbito (Cirro e San Pedro) foron caracterizadas como periurbanas.

O relevo do ámbito é irregular, tratándose dunha ladeira con pendente moderada e descendente cara o mar atravesada por varias valgadas polas que discorren os regos de Soutilo, San Pedro e afluentes de escasa entidade.

No litoral alternanse os cantís coas praias periurbanas de Cirro e San Pedro. O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa recolle como zonas de baño protexidas de uso recreativo as masas de auga adxacentes ás praias de Cirro e San Pedro.

O uso agrícola mantense en boa parte da súa superficie, aínda que de modo moi fragmentado polos usos residenciais existentes. Figuran tamén, masas boscosas de vexetación de ribeira ao longo do regato de Soutilo e San Pedro, e masas forestais principalmente ao leste. Así mesmo, detéctase a presenza de especies exóticas invasoras, moitas veces introducidas a través dos xardíns particulares, sendo este un vector de difusión.


O espazo natural protexido máis próximo é a zona de especial conservación "Costa de Dexo" da Rede Natura 2000, a unha distancia aproximada de 500 m ao norte, no concello veciño de Oleiros. A costa insírese na zona tampón da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, o resto do ámbito sitúase na zona de transición.



O PXOM cataloga no ámbito os xacementos arqueolóxicos do Castro / Castro de Veigue (GA15075007) e, na fronte litoral, O Castelo / Punta do Castelo/ Cirro (GA15075007) e outros elementos arquitectónicos de valor nos núcleos de Veigue, Chan de Aldea e Quintán (igreja parroquial e cemiterio, un cruceiro, dous hórreos, e dúas casas). No borrador indícase que, tras o traballo de campo, detectáronse outros elementos merecedores de protección e conservación, aínda que non os especifica.

A estrada autonómica AC-163 discorre polo suroeste do ámbito e enlaza coa vía de alta capacidade V.G-1.3 "Vía Ártabra", nunha rotonda situada ao oeste. Ao sur, localízase a estrada provincial DP-5815, que parte do núcleo de Veigue ata chegar ao núcleo de Mera. O resto de viarios son de titularidade municipal. O viario local paralelo á costa que atravesa o ámbito de leste a oeste forma parte da rede de itinerarios paisaxísticos da Xunta de Galicia, concretamente o tramo que une Betanzos e Lorbé.

Segundo o borrador (páx. 7) a distribución de auga procede dun depósito situado no lugar de Castelo, que presenta deficiencias no subministro debido á súa escasa capacidade. Respecto á rede de saneamento, indícase que as augas residuais xeradas na zona son conducidas a unha EDAR situada nas proximidades da praia de San Pedro e que a rede conta con numerosos puntos de bombeo no límite costeiro. Detectáronse diversas problemáticas de mantemento debido á infiltración de augas pluviais en liñas antigas, o que ocasiona un incremento da auga a bombear e depurar.



Ámbito e principais afeccións ambientais



## 2. Características do plan especial

**Obxecto:** abordar as accións previstas no POL para os ámbitos de recualificación identificados nas unidades de paisaxe das Praias de Cirro e de San Pedro, delimitados no PXOM como ámbito do plan especial de Veigue.

Entre outras cuestións, preténdese frear os procesos de ocupación sistemática, racionalizar os usos do solo, realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazo público, resolver o déficit de acceso e estacionamento nas praias e restaurar a fachada marítima.

**Alternativas e proposta:** estúdanse tres alternativas de ordenación: a alternativa 0 -ou de non actuación- fronte a outros dous posibles escenarios de desenvolvemento, que representan as alternativas 1 e 2. Ambas diferéncianse na regulación do tráfico, no novo emprazamento elixido para un dos cámpings, na proposta de estacionamento para as praias e na superficie de zona verde. Finalmente elíxese a alternativa 2 por ser máis coherente cos obxectivos establecidos, recollendo as seguintes actuacións principais:

### En canto á **ordenación dos usos:**

- Determina novos emprazamentos para os cámpings de Cirro e San Pedro e un restaurante, que pasarán a situarse en zonas máis afastadas da costa, fóra dos núcleos rurais e na área de mellora ambiental e paisaxística do POL. Cualifícanse os terreos que quedan libres na área de protección costeira como espazo libre público.
- Fai cinco reservas de solo para aparcamentos, catro situadas en solo rústico (SX-IC-AP-1-Ob, SX-IC-AP-2-Ob, SX-IC-AP-3-Ob e SX-IC-AP-4-Ob) e unha en solo urbano (SL-IC-AP-1-Ob), que suman un total de 11.883 m<sup>2</sup>. Nestes ámbitos prevense mínimas operacións de limpeza e nivelado.

### Sobre as **infraestruturas de comunicación:**

- Define o trazado das aliñacións en solo de núcleo rural e urbano.
- Proxecta un novo viario duns 500m de lonxitude que bordea polo sur o ámbito SAU-3 e, para dar continuidade a esta vía, prevese urbanizar un viario existente que conecta o extremo leste do SAU-3 coa estrada AC-163 (fóra do ámbito do plan especial). Segundo o indicado no borrador (apartado 3.6.2), este será un "viario principal leste-oeste destinado ao acceso global da poboación".
- Establece unha xerarquización do viario: distingue entre a rede de viarios principais de acceso ás praias e usos terciario e os viarios de acceso restrinxido aos núcleos rurais, só para residentes.
- Planea itinerarios peonís ao longo da costa, así como dende o Castro de Veigue ata a Punta do Castelo, en paralelo ao rego de Soutilo.

### Sobre as **dotacións de espazos libres e zonas verdes:**

- Aumenta a superficie do espazo libre Punta do Castelo (SX-EL-08-02 no PXOM vixente), que pasa de ter 9.735 m<sup>2</sup> a 51.263 m<sup>2</sup>.
- Delimita novas zonas verdes na fronte litoral, para a súa restauración ambiental e paisaxística (SX-EL-XAR-1-Ob e SX-EL-XAR-2-Ob). Nestas áreas prevese unicamente a renaturalización e eliminación de especies exóticas invasoras, agás no caso das zonas verdes en contacto coas praias, onde será preciso acondicionar certas áreas puntuais para acoller servizos vinculados ao uso recreativo (parques arborados, pradeiras lúdicas, merendoiros, etc.).
- Integra o Castro de Veigue, parte do rego de San Pedro e o rego de Soutilo no sistema local de espazos libres e zonas verdes (SL-EL-XAR-3-Ob, SL-EL-XAR-2-Ob e SL-EL-PAS-1-Ob).






Respecto da protección do **patrimonio cultural e de mellora ambiental e paisaxística:**

- Estableceranse determinacións tendentes á conservación e posta en valor da estrutura dos núcleos histórico-tradicionais. Non se especifican nesta fase de borrador.
- Elaborarase un catálogo de elementos da arquitectura e do territorio.
- Incorporaranse determinacións na urbanización San Pedro, para as que se prevé a plantación de arborado co fin de mellorar a súa integración no bordo litoral.

O borrador contén como anexos un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), un estudo da mobilidade e un estudo hidrolóxico e hidráulico. Este último documento delimita tres zonas de fluxo preferente -non estudadas por Augas de Galicia- coas correspondentes láminas de inundación, nos regatos de San Pedro, Soutilo e outro innominado.



### 3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas antes de elaborar este informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	X	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X	
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Augas de Galicia		X



Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse alegacións de varios particulares.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achégase o texto íntegro recibido. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

#### Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Considera axeitada a delimitación efectuada no PXOM de Sada dos ámbitos de recualificación das Praias de San Pedro e Cirro identificadas no POL, o que xa foi analizado no momento da aprobación do PXOM.

As principais actuacións de recualificación previstas no plan especial (relocalización dos campamentos de turismo situados sobre a área de protección costeira do POL, así como a cualificación destes terreos como espazo libre público) responden aos obxectivos sinalados nas fichas das unidades de paisaxe do POL, resultando coherentes cos criterios que establece para a recualificación deste espazo costeiro.

Asemade, os novos emprazamentos dispostos para os campamentos de turismo e aparcamentos sitúanse na área de mellora ambiental e paisaxística do POL, na que resultan compatibles segundo o seu réxime de usos, liberando así a área de protección costeira. En todo caso, indicárase na normativa do plan especial que os proxectos concretos someteranse ao informe previsto no artigo 51 da normativa do POL en materia de paisaxe.

O plan especial contén o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) que se sinala no artigo 71 da normativa do POL, en base ao que se proxectan as mediadas de integración propostas. Asemade, en coherencia co indicado no mesmo artigo, as actuacións límitanse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, sen prever novos crecementos urbanístico.

O plan especial recolle tamén, conforme co previsto no artigo 90 do POL, un estudo da capacidade de carga da praia para determinar as necesidades de aparcadoiro, que se considera axeitado. O dito estudo empregouse para dimensionar as novas áreas de aparcamento propostas que, seguindo o indicado no mesmo artigo, non resultan visibles dende as praias, debéndose utilizar materiais e tratamentos adecuados para acadar a súa integración ambiental e paisaxística.

Conclúe que o contido do plan é compatible cos criterios, principios e normas do POL.

#### Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

Informa de que o plan debe incluír un catálogo propio de todos os bens inmobles do patrimonio cultural e detalla o contido mínimo que deberán ter as súas fichas. Para elo, levarase a cabo un traballo de campo enfocado á identificación de todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito do plan especial, prestando especial atención aos bens etnolóxicos e ás pezas de arquitectura contemporánea que poidan ter valores merecedores de protección.

A cartografía recollerá a delimitación dos bens do patrimonio cultural e os seus contornos de protección; tanto dos bens incluídos dentro do ámbito do plan como dos que se sitúan fóra e están afectados polo ámbito. A normativa do plan especial deberá incluír determinacións específicas para a protección do patrimonio cultural.



#### Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que o borrador do plan inclúe un EIIP cando, consonte o artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, os plans urbanísticos deben realizar un "estudo da paisaxe". Con todo, o contido do EIIIP pode considerarse abondo para os efectos do previsto no citado artigo 35, se ben, na elaboración do documento final do plan o estudo de paisaxe deberá completarse cunha identificación detallada dos elementos de singular valor paisaxístico, e adaptar o apartado 3. Obxectivos de calidade paisaxística, coa finalidade de evitar certos contidos impropios do estudo de paisaxe, como o apartado 3.2 Medidas de mellora e 3.3 Recomendacións, nos que se reproducen contidos do POL e as Directrices de paisaxe.

Informa que o plan especial ten como un dos seus obxectivos a mellora da paisaxe nesta área e a proposta dunha ordenación de diferentes tipos de solos e espazos de maneira integrada, así como reducir a presión sobre as praias, polo que se considera que os seus efectos sobre a paisaxe serán favorables.

Conclúe que, debido a súa propia finalidade e obxecto, producirá un impacto positivo sobre os valores paisaxísticos existentes no seu ámbito. Para dar cumprimento á normativa de paisaxe, na elaboración do plan deberá adecuarse o estudo de paisaxe conforme ás observacións que se recollen no informe, e na ordenación final deberán incorporarse as determinacións das Directrices de paisaxe.

#### Alegacións particulares:

Ademais doutras cuestións de carácter urbanístico, formularon as seguintes cuestións ambientais: solicitan a eliminación dun merendoiro na praia de San Pedro, a integración no uso público e mellora da contorna dun muíño situado na baixada á praia de San Pedro, a reconsideración do emprazamento da nova área para campismo ao sur e da área de aparcamento SX-IC-AP-2-Ob, polo impacto que poidan causar (o primeiro aos núcleos rurais cos que linda, e o segundo pola abertura de novos viarios, movementos de terras e talla de arborado autóctono para o seu funcionamento). Por último, unha alegación advirte da existencia de carencias no sistema de abastecemento, na rede eléctrica e na rede de sumidoiros, ademais da falta do mantemento desta última.

#### **4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013**

Con este plan especial preténdese ordenar uns terreos do litoral de Sada, na Enseada de Lorbé, co obxecto de cumprir as determinacións do POL para os ámbitos de recualificación nel identificados e que posteriormente foron delimitados no PXOM.

O plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Así mesmo, tal e como informa a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a proposta formulada é compatible cos criterios, principios e normas do POL.

O cambio na localización dos campamentos de turismo -na actualidade en área de protección costeira do POL- liberará a fronte litoral, permitirá a súa restauración e favorecerá a súa conectividade. Os novos emprazamentos dispostos para estas instalacións sitúanse na área de mellora ambiental e paisaxística do POL, onde estes usos resultan compatibles.

A ampliación dos espazos libres e zonas verdes no litoral así como a delimitación de novas áreas deste tipo nas ribeiras fluviais valórase positivamente, na medida en que contribúen a reducir a presión antrópica sobre espazos de interese natural e paisaxístico.



No documento ambiental estratéxico prevese o emprego de especies vexetais autóctonas na revexetación de zonas verdes e espazos libre así como na creación de pantallas vexetais para mitigar impactos paisaxísticos, non obstante na lista proposta de especies a utilizar (páx. 63 e 64) figuran algunhas especies alóctonas.

Valórase positivamente a xerarquización do viario e a previsión de novos accesos para aliviar a presión do tráfico estival na rede viaria dos núcleos rurais. Porén, cómpre advertir que semella ser excesiva a pendente lonxitudinal do novo viario proxectado polo bordo sur do ámbito SAU-3 mentres que o outro viario que se pretende urbanizar para darlle continuidade ata enlazar coa estrada AC-163 está fóra do ámbito do plan especial e o PXOM non contempla para el actuacións de mellora (na Estratexia de actuación); así, haberá que aclarar estas cuestións no plan especial para conseguir resolver de xeito efectivo parte dos problemas de accesibilidade e mobilidade na zona.

En xeral habilitar novos espazos para aparcamentos situados fóra da liña de costa para atender a demanda estimada de estacionamento supón unha mellora ambiental. Con todo, hai que indicar que un aparcadoiro (o SX-IC-AP-3-Ob) está afectado pola zona de fluxo preferente do rego de Soutilo, segundo a cartografía do estudo hidrolóxico (plano 6) anexo ao borrador; sen prexuízo do que ao respecto informe o organismo sectorial competente, lémbrese que os aparcamentos en superficie en solo rural non son un uso permitido en zona de fluxo preferente (artigo 9 bis do Regulamento do dominio público hidráulico). Indicar tamén que no perímetro leste do aparcamento situado no límite do corredor ecolóxico do rego de San Pedro (código SX-IC-AP-2-Ob) identificáronse exemplares de arborado autóctono (castiñeiros) que sería aconsellable preservar.

A elaboración dun catálogo de elementos do patrimonio cultural será positiva para a protección dos bens existentes. No traballo de campo identificáronse elementos susceptibles de formar parte del (por exemplo hórreos) que non están recollidos no catálogo do PXOM vixente. Así mesmo, tal e como ven recollido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, na zona xurdiron pezas de arquitectura contemporánea do século XX que poden ter valores merecedores de protección.

No período de consultas previas e no propio borrador (páx.7 da memoria xustificativa) púxose de manifesto a existencia de deficiencias nas redes de subministro de auga potable e de saneamento que dan servizo na zona. Non obstante, infórmase tamén no borrador de que na actualidade estanse a proxectar diversas actuacións de reforzo e ampliación da rede de abastecemento (nova condución dende o depósito de Castelo; extensión da rede sobre a estrada AC-163). En todo caso, do plan non derivan novos crecementos urbanísticos - limitándose a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente- e polo tanto non incrementa as necesidades actuais de abastecemento ou saneamento.

Á vista do exposto, non se agardan efectos ambientais significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan, se ben, atendendo ao comentado nos parágrafos anteriores, concrétanse a continuación algunhas determinacións que se deberán ter en conta no plan para tratar de minimizar posibles efectos ambientais adversos.





## PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de protección, ordenación, infraestruturas e dotacións de Veigue" no concello de Sada. No entanto, establécense as seguintes **determinacións**:

- Nas zonas verdes litorais realizarase un tratamento o máis naturalizado posible, acorde co carácter e os valores identificados na área de protección costeira (art. 63 do POL). Neles promoverase a restauración dos hábitats costeiros propios da zona e respectarase, en todo caso, os valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Empregaranse especies autóctonas e variedades preferiblemente locais na revexetación dos terreos; na lista proposta de especies a utilizar (páx. 63 e 64 do documento ambiental estratéxico) suprimiranse *Salix alba*, *Populus nigra*, *Bidens frondosa*, *Chenopodium ambrosioides*, *Polygonum hydropiper* e *Isoetes fluitans*, por seren especies alóctonas ou non propias das series de vexetación potencial dos hábitats do ámbito. No caso de *Isoetes fluitans*, trátase ademais dunha especie en perigo de extinción que require dunha autorización especial para o seu manexo. Evitaranse as intervencións e mobiliarios propios das contornas urbanas.
- O aparcadoiro proxectado SX-IC-AP-3-Ob está afectado pola zona de fluxo preferente do rego de Soutilo, segundo a cartografía do estudo hidrolóxico anexo ao borrador. Sen prexuízo do que ao respecto informe o organismo sectorial competente, advírtese que os aparcamentos en superficie en solo rural non son un uso permitido en zona de fluxo preferente (artigo 9 bis do Regulamento do dominio público hidráulico), polo que de confirmarse que este é o caso do aparcadoiro SX-IC-AP-3-Ob deberase buscar un emprazamento alternativo.
- Nos aparcadoiros previstos deberanse utilizar materiais e tratamentos adecuados para favorecer a súa integración ambiental e paisaxística (art. 90 do POL). Así mesmo, no aparcadoiro SX-IC-AP-2-Ob conservarase na medida do posible a vexetación autóctona existente e evitarase toda afección ao corredor ecolóxico adxacente.
- O plan especial debe incluír un catálogo propio de todos os bens do patrimonio cultural existentes no seu ámbito, prestando especial atención aos bens etnolóxicos e ás pezas de arquitectura contemporánea que poidan ter valores merecedores de protección. A cartografía recollerá a delimitación dos bens e os seus contornos de protección, tanto dos bens incluídos dentro do ámbito do plan como dos que se sitúan fóra e están afectados polo ámbito. A normativa do plan especial deberá incluír determinacións específicas para a protección do patrimonio cultural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas



De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de protección, ordenación, infraestruturas e dotacións de Veigue” no concello de Sada, posto que non se prevén efectos ambientais significativos. Non obstante, para favorecer a integración ambiental do plan adoptaranse as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Sada xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

